




1. EMPRAZAMENTO



DATOS XERAIS

Comarca: Golfo Ártabro. Sector: Rías de Ares e Betanzos. Concello: Ares. Parroquia: San Pedro de Cervás; Extensión: 0,65km²

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Unidade acantilada granítica con afloramentos rochosos e perfís convexos. A parte oriental presenta cantís sobre rochas metamórficas que desenvolven perfís algo diferentes, menos convexos, de teito máis aplanado e parede máis potente.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Dominio Hercínico, pertencente ao Macizo de Ferrol, tendo como material unha granodiorita postectónica (tardía) de dúas micas con orientación de fluxo. No extremo SE. da unidade aparece o Dominio da Serie "de Ordes". Este está composto por materiais metamórficos, xistos e cuarzoístos, de idade precámbrico-silúrica.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Vertente acantilada cun réxime ombrotérmico Cálido e Subhúmido. A temperatura media anual supera os 15°C e as precipitacións medias acadan valores entre 1000mm e 1200mm ao ano. A oscilación térmica é inferior a 12,5°C.

OS SOLOS

Os materiais graníticos facilitan o desenvolvemento de solos umbrisol dístrico-lépticos. Os constantes afloramentos en Punta Coitelada limitan o desenvolvemento destes e aparecen só leptosois líticos.


AS AUGAS

Vertente acantilada carente de rede fluvial significativa, tan só con pequenas valgas de forte pendente e de escasa prolongación continental que desaugan na masa de Augas Costeiras da parte exterior da Ría de Ferrol (20125).

O PATRIMONIO NATURAL

Costa acantilada na que se desenvolve ben o hábitat 1230, de cantís con vexetación das costas atlánticas. Súmase o 1210, "Vexetación anual sobre refugallos mariños acumulados" nalgúns chanzos de plataforma. Vertentes de mato costeiro degradado, que potencialmente desenvolve os hábitats 4030, breixos secos europeos, e 4040, breixos secos costeiros atlánticos de Erica vagans. Liña de costa e fondos mariños protexidos polo LIC Costa Ártabra.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

A práctica totalidade da superficie desta unidade de paisaxe está cuberta por vexetación composta por mato costeiro. Tamén destacan, pola súa presenza, as masas de árbores de repoboación, fundamentalmente piñeiros, que se encontran no alto de O Campelo. Na actualidade non figuran coberturas dedicadas á agricultura nin a outros labores produtivos.

MORFOLOXÍA

Nesta unidade de cantís non se sitúa ningún asentamento, nin de orixe tradicional nin de aparición contemporánea. Aparecen, no límite sueste da unidade e próximas á costa, algunhas edificacións illadas de factura recente non vinculadas a núcleos existentes nin relacionadas con actividades produtivas. Supón parte do fenómeno de crecemento disperso que existe arredor do núcleo de Chanteiro, incluído na unidade de paisaxe linceira.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

As vías de comunicación que transcorren por esta unidade, cunha compoñente fundamentalmente paralela á costa, son os camiños tradicionais que se usaron noutra época para acceder a aqueles puntos que aínda estaban cultivados, ou como vías de acceso a determinados puntos da costa.

PATRIMONIO HISTÓRICO

Desde o punto de vista patrimonial, destaca a Bateria de Segañó, unha fortificación militar situada a 30 metros de altura sobre o nivel do mar construído no século XVIII para a protección da entrada da ría.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

A característica principal desta unidade paisaxística é a singularidade das formacións naturais que a conforman, tanto na fronte litoral (as paredes acantiladas que se recortan ao longo de toda a costa) como na parte interna, na que destaca o alto de O Campelo coa cuberta forestal que soporta. Na parte oriental, entre a Enseada de Areosa e o bordo interior cara ao este da unidade, as pendentes son máis suaves e o solo aínda conserva as trazas dunha antiga dedicación a labores agropecuarios.

DINÁMICA DA PAISAXE

En liñas xerais, pode dicirse que este paisaxe, especialmente a súa zona occidental, mantívose practicamente inalterada ao longo do tempo, xa que non aparecen actividades, poboacións ou infraestruturas novas. Sen embargo, a zona oriental, de menor pendente e máis próxima ao núcleo de Chanteiro, tivo no seu momento un intenso uso como agra de cultivo, coas implicacións de modificación de paisaxe e transformación do territorio que leva. Conforme a superficie de cultivo de Chanteiro foi reducida, estas terras foron as primeiras en abandonarse, ao ser tamén as que estaban máis afastadas de núcleo, dando paso a prados e grandes superficies de vexetación costeira autóctona.

RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

Os maiores valores que presenta esta unidade están relacionados coa súa excelencia ambiental e a conservación dos seus valores naturais orixinais, practicamente inalterados ao longo do tempo. A importancia ambiental deste sistema litoral formado por afloramentos rochosos e perfís convexos, con cantís sobre rochas metamórficas que desenvolven perfís algo diferentes, foi recoñecida catalogándose como LIC Costa Ártabra, que abarca desde Punta Avarenta (o extremo sueste desta unidade) ata Punta Redonda, no Concello de Mugardos. Estes valores xeomorfolóxicos e ecolóxicos do conxunto acantilado tradúcese nunha expresividade agreste e natural de gran beleza. Por outra banda é importante resalta o papel da unidade como miradoiro natural sobre a Ría de Ares, apoiado ademais no valor patrimonial que ten a Bateria de Segaña. Este enclave supón, ademais, un punto de observación desde onde abarcar o resto da unidade, pondo en relación a Punta Coitelada coa Punta Avarenta, a través da Enseada de Areosa.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS



















A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo

- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareais |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros

Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos











Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |

Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera
-  Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales
-  Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



